

Plan de adaptación á situación COVID-19

Resumo para o alumnado

Curso: 2020/2021

CIFP A Carballeira (Ourense)



Índice

1.	Medidas de prevención básicas.....	3
2.	Medidas xerais de protección individual	3
3.	Medidas de carácter organizativo	5
4.	Consideracións xerais na aula.....	6
5.	Medidas específicas para o uso doutros espazos	7

1. Medidas de prevención básicas

- O alumnado deberá realizar cada mañá, antes de acudir ao centro, unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar síntomas compatibles coa COVID-19 (anexo I).
- Se o/a alumno/a fose menor de idade, diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores **non** enviarán ao alumno/a á clase, chamarán ao centro para comunicar a situación (Tel. 988788470) e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.
- Se o/a alumno/a é maior de idade, se hai síntomas compatibles con COVID-19 comunicarase de xeito inmediato ao centro de saúde de referencia e ao equipo COVID (Tel. 988788470) (ou no seu defecto ao equipo directivo e **non** deberá acudir ao centro.
- Poranse en contacto co seu centro de saúde.
- Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer COVID-19 non poderán acudir ao centro ata que se coñeza que o resultado da proba é negativo.
- Comunicarán o resultado ao EQUIPO COVID-19 (coordinador).
- As ausencias do alumnado derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas e abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais.
- O uso de máscara e obrigatorio con independencia do mantemento da distancia interpersonal. **Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio.** O alumnado que non use máscara (ou a use incorrectamente) de xeito inxustificado nas circunstancias en que sexa obrigatorio poderá ser sancionado coa suspensión do dereito de asistencia ao centro ata tres días.

2. Medidas xerais de protección individual

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidro alcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.

- O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.
- Á entrada da aula, laboratorio ou taller, sexa utilizada por outro grupo anteriormente ou non, o alumnado realizará a hixiene de mans con xel hidroalcohólico e desinfectará a cadeira e a mesa onde ocupará o seu posto. **Este posto será fixo para cada alumno/a ao longo do curso salvo que o equipo docente decida razoadamente que se debe cambiar.** A partir de esta decisión, este será o posto definitivo para o alumnado implicado.
- Ao tusir ou esberrar, taparase a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do codo e sempre afastados das persoas.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.
- Manter a distancia física recomendada.
- Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como **na entrada e saída ao posto escolar que se realizará de un en un**, así como nos tempos de descanso, sen prexuízo do establecido da previsión de 1,5 metros para as aulas.
- Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste plan.
- O alumnado **non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.**
- Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso.
- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- Limitarase ao máximo posible o emprego de documentos en papel e súa circulación

3. Medidas de carácter organizativo

- A entrada ao centro, ao inicio das actividades lectivas e cando finalice o recreo, levarase a cabo pola porta de acceso máis próxima á aula, laboratorio ou taller que lle corresponda ao alumnado a esa hora. Non será necesario respectar os sentidos de entrada e saída indicados no chan.
- Cando finalicen as actividades lectivas e ao comezo do recreo, a saída do centro terá lugar pola porta de acceso máis próxima á aula, laboratorio ou taller no que nese momento se atope o alumnado. Non será necesario respectar os sentidos de entrada e saída indicados no chan.
- Nestes movementos deberá respectarse en todo momento a distancia mínima interpersoal de 1,5 m, **en fila de un** e deberá levarse a máscara posta.
- Na entrada e saída da aula e nos momentos de retorno do recreo o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.
- Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios.
- Na cafetería, á hora do recreo, deberanse respectar os sentidos de entrada e saída indicados no chan así como a distancia de seguridade.
- O alumnado que queira adquirir algunha consumición na cafetería deberá entrar pola porta que dá ao ascensor e sairá pola porta principal da cafetería, seguindo o sentido das frechas do chan.
- O alumnado poderá permanecer na cafetería sempre que se cumpran as medidas sanitarias relativas á COVID-19 establecidas para os locais de igual categoría en cada momento.

Cambios de aula

- Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase.

- No caso de ter que trasladarse a outra aula, a saída será ordenada e continua, de un en un, coa máscara posta e deixando a distancia de seguridade. Deberanse seguir os sentidos de movemento indicados con frechas no chan de corredores e escaleiras.
- Se ao chegar á aula, laboratorio ou taller a porta está aberta o alumnado entrará e ocupará o lugar que lle corresponde. Se a porta estivese pechada agardará no corredor gardando a distancia de seguridade cos compañeiros ata que o/a profesor/a abra a porta. En ningún caso o alumnado a intentará abrir.
- Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

Uso dos aseos

- O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.
- Para o secado de mans só se usarán medios mecánicos desbotables (papel). Anularanse os secadores de aire.

4. Consideracións xerais na aula

- Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como taquillas ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.
- Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo. Recoméndase que no caso de ter que achegarse ao encerado cada alumno/a teña entre o seu material un xiz ou rotulador de encerado branco ou que faga a correspondente hixienización de mans con xel hidro alcohólico.
- Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.
- Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito mais individualizado posible. De non ser posible, colocarse a roupa destinada ás perchas no respaldo da cadeira.

- No momento de entrada á aula ou no caso de cambio de aula dedicáranse uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula.
- Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.

5. Medidas específicas para o uso doutros espazos

- Sen prexuízo da aplicación das normas do punto anterior no caso de aulas de desdobre ou talleres extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.
- Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.
- O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade.
- En cada unha das materias adaptárase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos.

Uso da biblioteca

- A biblioteca poderá ser usada ata o 50 % do seu aforo. Excepcionalmente, se fose posible polo tamaño da mesma, o equipo directivo pode ampliar ou reducir o aforo sempre que se cumpran as condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado.
- O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.
- O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles.
- Ao entrar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que vaian ocupar.
- O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo 24 horas antes de volver aos andeis. Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.
- Debido á forzosa redución do aforo, non se permitirá a reserva de postos de estudo.

- Se un usuario se ausentase máis de vinte minutos cando a biblioteca estea completamente ocupada, este perderá o seu dereito a permanecer nela se outro usuario requirise o uso dun posto.
- Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

Uso de laboratorios e talleres

- Ao inicio da actividade o alumnado deberá ser informado sobre as medidas e recomendacións a seguir e, no seu caso, dotarase a estes espazos de carteis informativos.
- En todo momento o alumnado estará equipado cos EPI e roupa de traballo propios da práctica que estea levando a cabo.
- Os equipos de protección individual que non formen parte do equipamento propio do alumnado deberán estar perfectamente hixienizados para o seu uso.
- Se a práctica se realizase de xeito individual non será obrigatorio o uso de lentes de laboratorio sempre que se manteña a distancia de seguridade salvo que a natureza da práctica determine que son obrigatorias.
- Se a realización da práctica tivese que facerse en grupos será obrigatorio o uso de lentes/e ou pantallas faciais. Tamén será obrigatorio o uso de máscara e lentes/e ou pantallas faciais cando o movemento do alumnado no interior do laboratorio non permita manter a distancia mínima.
- O uso das ferramentas e dos equipos de traballo planificarase de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte grupo.
- Esta última medida non sería necesaria se o alumnado pon luvas ao principio da práctica e son desbotadas cando finalice.
- O alumnado que, de xeito deliberado, non cumpra as medidas establecidas neste documento será apercibido de sanción. Despois de tres apercibimentos poderá ser sancionado coa suspensión do dereito de asistencia ao centro ata tres días.

ANEXO I

ENQUIZA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DA COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Tivo <i>CONTACTO</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		
<i>CONVIVIU</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		

DECLARACIÓN RESPONSABLE PROXENITORES/TITORES LEGAIS

D./Dna. _____, pai/nai/titor legal do/a
alumno/a _____ do curso

_____ fago unha declaración
responsable de realizar cada mañá, antes de acudir ao centro, unha enquisa diaria de síntomas
ao/á alumno/a arriba mencionado/a para comprobar se son compatibles coa covid-19 e que se
compromete a NON envíala/o ao centro e mantela/o en illamento preventivo domiciliario nos
seguintes supostos:

- se a/o alumna/o ten síntomas compatibles coa COVID-19. Poñerase en contacto co seu médico
de familia/pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.
- se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, a/o alumna/o non
poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa
afectada ou a súa familia comunicará o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

Ourense, ____ de _____ de 2020

Sinatura _____

CONFIRMACIÓN DE RECEPCIÓN DE INFORMACIÓN
ALUMNADO ADULTO

D./Dña. _____, alumno/a do
curso _____, mediante o
presente escrito dou por recibida a información de que non poderei acceder ao centro educativo
en caso de presentar sintomatoloxía aguda compatible coa covid-19.

Ourense, _____ de _____ 2020

Sinatura _____

CONFIRMACIÓN DE RECEPCIÓN DE INFORMACIÓN
ALUMNADO MENOR DE IDADE

D./Dña. _____, nai/pai/titor/a
legal do/a alumno/a _____ do
curso _____, mediante o presente
escrito dou por recibida a información de que o/a citado/a alumno/a non poderá acceder ao centro
educativo en caso de presentar sintomatoloxía aguda compatible coa covid-19.

Ourense, _____ de _____ 2020

Sinatura _____